



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE MAIO DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o trinta de maio do dous mil vinte e dous, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside a Primeira Tenente de Alcalde: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, D^a Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias.

Non asiste o Sr. Alcalde.

Non asistentes os concelleiros, D.Roberto Eireos Saez e D. Manuel Rodríguez Martínez.

A Tenente de Alcalde disculpa a ausencia do Sr. Alcalde.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 25 DE ABRIL DO 2022.

Sométese a votación a acta do pleno de 25 de abril do 2022, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 19.04.22 ao 24.05.22.



A Primeira Tenente de Alcalde, en substitución do Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 19.04.2022 e o 24.05.2022.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE MONFORTE PARA A XESTIÓN DOS FONDOS “NEXT GENERATION EU”.

O ditame é favorable á proposta por unanimidade, con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

PRÓLOGO

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa Next Generation EU, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus. O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), establecido a través do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, é o núcleo deste Fondo de Recuperación.

O MRR ten catro obxectivos: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar as transicións ecolóxicas e dixital.

Para alcanzar eses obxectivos, cada Estado Membro deseñou un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, que inclúe as reformas e os proxectos de investimento necesarios para alcanzar eses obxectivos. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español (en diante PRTR) ten catro eixos transversais, que se vertebran en 10 políticas palanca, dentro das cales se recollen trinta compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Este catro eixos son: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero.

Para facer efectivas as iniciativas expostas no PRTR, as Administracións Públicas deben adaptar os procedementos de xestión e o modelo de control. Algunhas medidas de axilización establecéronse mediante o Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do PRTR. Ademais, é necesaria a configuración e desenvolvemento dun sistema de xestión que facilite a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea. Para iso aprobouse a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Entre as súas previsións destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de



que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, de 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o MRR, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión, como beneficiario dos fondos do MRR, que toda entidade decisora ou executora que participe na execución das medidas do PRTR, deberá dispor dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

A estes efectos, e tendo en conta a dobre condición que o Concello de Monforte de Lemos podería ter como entidade executora ou órgano xestor segundo proceda en cada caso, proponse ó Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de medidas antifraude do Concello de Monforte de Lemos cuxo contido figura a continuación, que será de aplicación a todos os órganos e a todo o persoal que interveñan na xestión de fondos que proveñan do MRR e que ten como obxectivo establecer os principios e as normas que serán de aplicación e observancia en materia antifraude, anticorrupción e a fin de evitar os conflitos de intereses, en relación cos fondos que proveñen do MRR.

PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E PARA A XESTIÓN DOS FONDOS "NEXT GENERATION EU"

INTRODUCCIÓN

O presente "Plan de Medidas Antifraude" ten como obxectivo garantir e declarar que o Concello de Monforte de Lemos como entidade executora e/ou xestora chamada a participar na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía Española, (PRTR), vai utilizar os fondos proviñentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) regulado polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

ÍNDICE

1. **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL ASUMINDO O COMPROMISO DE LOITAR CONTRA A FRAUDE.**
2. **DEFINICIÓNS DE FRAUDE, CORRUPCIÓN, CONFLICTO DE INTERESES E IRREGULARIDADE**
 - 2.1. **FRAUDE**
 - 2.2. **CORRUPCIÓN ACTIVA**



- 2.3. *CORRUPCIÓN PASIVA*
- 2.4. *CONFLICTO DE INTERESES*
- 2.5. *IRREGULARIDADE*

- 3. *COMISIÓN ANTIFRAUDE*
 - 3.1. *COMPOSICIÓN*
 - 3.2. *FUNCIÓNS DA COMISIÓN*
 - 3.3. *RÉXIME DE REUNIÓNS*

- 4. *AVALIACIÓN DE RISCOS*

- 5. *ESTRUCTURACIÓN E DEFINICIÓN DAS MEDIDAS ANTIFRAUDE*
 - 5.1. *MEDIDAS DE PREVENCIÓN*
 - 5.1.1. *Avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos crave da execución do PRTR, a través dos seguintes mecanismos:*
 - 5.1.2. *División de funcións nos procesos de xestión, control e pago.*
 - 5.1.3. *Mecanismos para a avaliación do risco de fraude.*
 - 5.1.4. *Os sistemas internos de control e a análise de datos.*
 - 5.1.5. *Cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados*
 - 5.2. *MEDIDAS DE DETECCIÓN*
 - 5.2.1. *Uso de bases de datos*
 - 5.2.2. *Definición de indicadores de fraude ou sinais de alerta*
 - 5.2.3. *O establecemento de mecanismos adecuados e claros para informar das posibles sospeitas de fraude por quen os detectaron.*
 - 5.2.4. *Buzón de denuncias.*
 - 5.3. *MEDIDAS DE CORRECCIÓN*
 - 5.4. *MEDIDAS DE PERSECUCIÓN*

- 6. *DEFINICIÓN DE PROCEDEMENTOS DE SEGUIMIENTO PARA REVISAR OS PROCESOS, PROCEDEMENTOS E CONTROIS RELACIONADOS COA FRAUDE EFECTIVA OU POTENCIA*

- 7. *CONFLICTO DE INTERESES*
 - 7.1. *DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS*
 - 7.1.1. *Conflicto de intereses*
 - 7.1.2. *Posibles actores implicados no conflito de intereses*
 - 7.1.3. *Tipos de conflito de intereses*
 - 7.2. *A DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE INTERESES (DACI)*

 - 7.3. *PROCEDIMENTO PARA ABORDAR A PREVENCIÓN E CORRECCIÓN DE CONFLICTOS DE INTERESES (APARTADOS 1 E 2 DO ARTIGO 61 DO REGULAMENTO FINANCEIRO DA UE)*
 - 7.3.1. *Medidas de prevención do conflito de intereses*
 - 7.3.2. *Medidas de corrección e persecución*

ANEXO I: CUESTIONARIO BÁSICO DE AVALIACIÓN DO RISCO
ANEXO II: CÓDIGO DE CONDUCTA DOS EMPREGADOS PÚBLICO
ANEXO III BANDEIRAS VERMELLAS NA LOITA CONTRA O FRAUDE



ANEXO IV: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES

1. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL ASUMINDO O COMPROMISO DE LOITAR CONTRA A FRAUDE.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE INTEGRIDADE E COMPROMISO ÉTICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2022:

“Un dos piares fundamentais que deben guiar a actuación das Administracións Públicas para a mellor satisfacción do interese xeral ten que ser o da integridade institucional, definido de maneira sinxela como a observancia dos valores e principios da boa administración.

O mantemento e reforzo da integridade institucional e a súa proxección aos cidadáns, institucións e entidades coas que se relaciona deben ser, pois obxectivos irrenunciabes de calquera Administración Pública para o cumprimento dos fins que a Constitución e a lei lle encomendan.

A integridade institucional é unha esixencia ética que reborda a mera suxeición ás normas e, pola contra, demanda unha actitude proactiva na busca do cumprimento daqueles principios da boa administración. Un dos aspectos fundamentais que configuran a integridade dunha institución pública é o rexeitamento público, expreso e rotundo da fraude e da corrupción e o compromiso, igualmente claro, inequívoco e público para a súa persecución.

Pouco a pouco, pero de xeito imparable, alentadas e con apoio na normativa da Unión Europea (por exemplo na Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión) e nas recomendacións dos seus organismos (sinaladamente a Oficina Europea de Loita contra a Fraude – OLAF), as manifestacións das Administracións expresando un compromiso de “tolerancia cero” coa fraude son cada vez máis frecuentes. En todo caso, o rexeitamento público da fraude e da corrupción faise ineludible cando a Administración xestiona fondos procedentes das Comunidades Europeas.

Por outra banda, e no que respecta á xestión de fondos europeos, a entidade municipal iniciou os trámites oportunos para dar cumprimento ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, onde se establece que, coa finalidade de protexer os intereses financeiros
Acta Pleno da Corporación 30.05.22



da Unión Europea, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (en diante PRTR), deberá dispor dun “Plan de medidas antifraude” que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. Existe a firme vontade por parte do Concello de Monforte de Lemos, de concorrer no ano en curso ás convocatorias que o Goberno de España poña en marcha paraa execución do PRTR, sendo preciso contar co mencionado plan de medidas antifraude no caso de ser beneficiario de fondos con cargo ao Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

Alén do ate aquí exposto, o Pleno municipal quere manifestar o seu compromiso coas estándares máis elevados no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade se perciba por todos como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros da Corporación municipal asumen e comparten este compromiso.

Por outra banda, os empregados públicos municipais teñen entre os seus deberes o de “velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e mediambiental, e respecto á igualdade entre homes e mulleres.” (artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

O obxectivo desta política é o de impulsar e favorecer unha cultura interna que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

No marco desa política, o Concello de Monforte de Lemos, disporá os procedementos e canles necesarias para que, con respecto pleno á cofidencialidade e á protección de datos de carácter persoal, calquera persoa ou entidade poida denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que poida detectar. Dando cumprimento así á normativa europea e interna que regula esta materia.

Así pois, a presente declaración é un punto de partida para un compromiso en prol dun cambio de cultura administrativa na que os mencionados estándares e sobre todo, o compromiso co Dereito á boa administración, rexan a totalidade do actuar desta institución, ca adopción de todas as medidas precisas tanto na inmediata xestión de Fondos Europeos coma en xeral na xestión global de toda a actuación administrativa. Declarando, por tanto,



unha política de “tolerancia cero” fronte á fraude e a corrupción e establecerá os sistemas de control axeitados para previr e detectar, dentro do posible, calquera actuación fraudulenta e corrixir o seu impacto, no caso de producirse.”

2. DEFINICIÓNS DE FRAUDE, CORRUPCIÓN, CONFLICTO DE INTERESES E IRREGULARIDADE

De conformidade coa Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión (Directiva PIF), e no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro da UE), a definición de fraude efectúase no marco da seguinte sistematización e tendo en conta que, aos efectos do presente Plan, o concepto “funcionario” vincúlase directamente á descrición deste concepto efectuada no artigo 4.4 da Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do Dereito Penal:

2.1.FRAUDE

2.1.1. En materia de gastos enténdese por fraude calquera acción ou omisión intencionada relativa a:

- A utilización ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a percepción ou retención indebida de fondos ou activos procedentes do orzamento xeral da Unión Europea ou de orzamentos administrados pola Unión, ou pola súa conta, así como os xestionados polo propio Concello de Monforte de Lemos.*
 - O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.*
 - O uso indebido deses fondos ou activos (desvío de fondos) para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial.*

2.2.2. En materia de gastos relacionados cos contratos públicos, polo menos cando se cometan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, calquera acción ou omisión relativa a:

- O uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión ou de orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome, así como os xestionados polo propio Concello.*
- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.*
- uso indebido deses fondos ou activos (desvío de fondos) para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que perxudique os intereses financeiros da Unión.*



2.1.,3. En materia de ingresos, calquera acción ou omisión intencionada relativa a:

- *uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a diminución ilegal dos recursos do orzamento da Unión ou dos orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome, así como os xestionados polo propio Concello*
- *incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.*
- *uso indebido dun beneficio obtido legalmente, co mesmo efecto.*

2.2. CORRUPCIÓN ACTIVA

Aos efectos do presente Plan, enténdese por corrupción activa, a acción de toda persoa que prometa, ofrezca ou conceda, directamente ou a través dun intermediario, unha vantaxe de calquera tipo a un funcionario, para él ou para un terceiro, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que perxudique ou poida perxudicar os intereses financeiros da Unión ou do Concello de Monforte de Lemos como entidade decisora e/ou xestora dos fondos.

2.3. CORRUPCIÓN PASIVA

Aos efectos do presente Plan, enténdese por corrupción pasiva, a acción dun funcionario que, directamente ou a través dun intermediario, pida ou reciba vantaxes de calquera tipo, para el ou para terceiros, ou acepte a promesa dunha vantaxe, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo coa súa deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que perxudique ou poida perxudicar os intereses financeiros da Unión Europea ou do Concello como entidade decisora e/ou xestora dos fondos.

2.4. CONFLICTO DE INTERESES

De conformidade co disposto no artigo 61 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro), aos efectos deste Plan existirá Conflicto de intereses, «cando os axentes financeiros e demais persoas que participan na execución do orzamento tanto de forma directa, indirecta e compartida, así como na xestión, incluídos os actos preparatorios, a auditoría ou o control, vexan comprometido o exercicio imparcial e obxectivo das súas funcións por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal». Debéndose ter en conta que:

- *É aplicable a todas as partidas administrativas e operativas do Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e da súa entidade mercantil dependente, e respecto de todos os métodos de xestión.*
- *Cobre calquera tipo de interese persoal, directo ou indirecto.*
- *Ante calquera situación que se perciba como un potencial conflito de intereses débese actuar.*
- *As autoridades do Concello de Monforte de Lemos, de calquera nivel, deben evitar e/ou xestionar ospotenciais conflitos de intereses.*



2.5. IRREGULARIDADE

Aos efectos do presente Plan e de conformidade co disposto no artigo 1.2 do Regulamento nº 2988/95, do Consello, de 18 de decembro de 1995, enténdese por irregularidade toda infracción dunha disposición do dereito comunitario correspondente a unha acción ou omisión dun axente económico, que teña ou tería por efecto perxudicar o orzamento xeral da Unión Europea ou o orzamento do Concello, ben sexa mediante a diminución ou a supresión de ingresos procedentes de recursos propios percibidos directamente por conta da Unión Europea, ben mediante un gasto indebido. A intención é o factor que diferencia á fraude da irregularidade.

3. COMISIÓN ANTIFRAUDE

3.1. COMPOSICIÓN

Para asegurar unha correcta aplicación das medidas antifraude no Concello de Monforte de Lemos, constituirase a Comisión Antifraude, de composición eminentemente técnica, sen prexuízo de que a presidencia da mesma recaia en persoal corporativo, e integrada por funcionarios con especial capacitación, formando parte da mesma, en todo caso, o Interventor xeral do ou funcionario en quen delegue, o Secretario xeral do Pleno ou funcionario en quen delegue e o Tesoureiro ou funcionario en quen delegue, ademais dun funcionario responsable das unidades de Contratación e da Asesoría Xurídica.

A designación dos membros da Comisión antifraude realizarase mediante Decreto da Alcaldía, asumindo as funcións de Secretario da Comisión o membro da mesma designado en representación da Secretaría Xeral.

3.2. FUNCIÓNS DA COMISIÓN

A Comisión Antifraude asígnánselle as seguintes funcións:

- a) Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita previr e detectar as posibles fraudes.*
- b) Definir a política antifraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir e perseguir os intentos de fraude.*
- c) Concienciar e propor accións formativas dirixidas ao resto de persoal do Concello de Monforte de Lemos.*
- d) Abrir un expediente informativo ante calquera sospeita de fraude, solicitando tanta información se entenda pertinente ás unidades involucradas na mesma, para a súa oportuna análise.*
- e) Estudar e dar resposta ás denuncias recibidas que expoñan condutas susceptibles de ser encadradas en calquera dos supostos de fraude ou similares recollidos neste Plan.*



- f) *Propor á Alcaldía a resolución dos expedientes informativos incoados, ordenando o seu posible arquivo, no caso de que as sospeitas resulten infundadas, ou a adopción de medidas correctoras oportunas se se chegase á conclusión de que a fraude realmente se tivera producido.*
- g) *Informar á Alcaldía das conclusións alcanzadas nos expedientes incoados e, no seu caso, das medidas correctoras aplicadas.*
- h) *Fornecer a información necesaria ás entidades ou organismos encargados de velar pola recuperación dos importes indebidamente recibidos por parte dos beneficiarios, ou propor a incoación das consecuentes sancións en materia administrativa e/ou penal.*
- i) *Levar un rexistro das mostraxes realizadas, das incidencias detectadas e dos expedientes informativos incoados e resoltos.*
- j) *Elaborar unha Memoria Anual comprensiva das actividades realizadas pola Comisión Antifraude no ámbito da súa competencia.*
- k) *Avaliar e revisar os procedementos de detección e corrección deseñados neste plan.*

3.3. RÉXIME DE REUNIÓNS

Con carácter ordinario a Comisión Antifraude deberá reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para coñecer dos asuntos que lle son propios.

Ademais destas reunións de carácter ordinario, poderá reunirse en calquera momento con carácter extraordinario, cando algún dos seus membros así o solicite.

A convocatoria á mesma será realizada cunha antelación de 48 horas e a mesma deberá ir acompañada dunha orde do día dos asuntos a tratar.

Primarase a utilización de medios electrónicos en todo o relativo ao seu funcionamento.

Para todo o non regulado neste instrumento, o réxime do seu funcionamento será o previsto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4. AVALIACIÓN DE RISCOS

Unha vez constituída a Comisión Antifraude será esta a encargada de realizar o exercicio de avaliación do risco de fraude, así como de repetilo cunha frecuencia que, en principio, se establece con carácter anual; aínda que poderá esixirse con periodicidade inferior ante circunstancias que así o aconsellen como poden ser os cambios normativos ou organizativos, a aparición de circunstancias novas ou a detección de puntos débiles antea fraude.



Todas as unidades do Concello de Monforte de Lemos veñen obrigadas a colaborar coa Comisión antifraude no desenvolvemento das súas funcións.

5. ESTRUCTURACIÓN E DEFINICIÓN DAS MEDIDAS ANTIFRAUDE

O Concello de Monforte de Lemos, unha vez realizada a autoevaluación inicial do risco de fraude, articulará medidas adecuadas, proporcionadas e estruturadas ao redor dos catro elementos clave do ciclo de loita contra a fraude: prevención, detección, corrección e persecución, con arranxo á seguinte metodoloxía.

5.1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN

5.1.1. Avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave da execución do PRTR, a través dos seguintes mecanismos:

- a) Cuestionario de autoevaluación relativa ao estándar mínimo desenvolvido con arranxo ao Anexo II.B.5 de a Orde HFP/1030/2021. (Anexo I)*
- b) Desenvolvemento dunha cultura ética e aprobación dun código de conduta dosempregados públicos. (Anexo II)*

O Concello de Monforte de Lemos fomenta os valores de integridade, obxectividade, rendición de contas e honradez, comprometéndose a reforzar o código de conduta que deben cumprir todos os empregados públicos, o cal determinará o comportamento esperado ante posibles circunstancias que puidesen dar lugar a fraude, baseándose os seus principios nos seguintes compromisos de conduta:

- Cumprimento rigoroso da lexislación aplicable.*
- Uso adecuado dos recursos públicos.*
- Integridade, profesionalidade e honradez na xestión.*
- Transparencia e bo uso da información.*
- Trato imparcial e non discriminatorio a beneficiarios.*
- Salvagarda da reputación do Concello de Monforte de Lemos na xestión de Fondos.*

O código de conduta dos empregados públicos inclúese no Anexo II.

Este código ético publicarase na páxina web do Concello de Monforte de Lemos para o seu xeral coñecemento.

- c) Plan de Formación e concienciación para todo o Concello e implicación das autoridades da organización.*



O Concello de Monforte de Lemos comprométese a promover a participación en cursos e charlas formativas sobre diferentes temáticas en relación coa fraude e a corrupción coa finalidade de capacitar ao persoal cunhas aprendizaxes que axuden a detectar e previr o comportamento pouco ético do uso dos fondos públicos e, polo tanto, a potencial fraude.

As accións formativas, que deben dirixirse a todos os niveis xerárquicos, articularanse en dúas liñas: unha formación máis especializada para os integrantes da Comisión Antifraude, e máis xeneralista para o resto dos xestores implicados na tramitación de os fondos UE.

A formación poderá consistir en reunións, seminarios, grupos de traballo, que fomenten a adquisición e transferencia de coñecementos. Céntranse na identificación e avaliación de riscos, establecemento de controis específicos, actuación en caso de detección de fraude, casos prácticos de referencia...

Así mesmo, o Concello comprométese a implicar ás autoridades da organización quen deberán manifestar un compromiso firme contra a fraude que implique unha tolerancia cero ante a fraude, desenvolver unha formulación proactiva e eficaz na toma de decisións para xestionar o risco de fraude.

5.1.2. División de funcións nos procesos de xestión, control e pago.

Dentro do Concello producirase unha repartición clara e segregada de funcións e responsabilidades nas actuacións de xestión, control e pago, evidenciándose esa separación de forma visible.

5.1.3. Mecanismos para a avaliación do risco de fraude.

O Concello de Monforte de Lemos establecerá mecanismos adecuados de avaliación do risco para todas as medidas xestionadas, deixando evidencia do mesmo, en busca das partes do proceso máis susceptibles de sufrir fraude e controlalas especialmente, sobre a seguinte base:

- a) *Identificación de medidas que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos a xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.*
- b) *Identificación de posibles conflitos de intereses.*
- c) *Resultados de traballos previos de auditorías internas.*
- d) *Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.*
- e) *Casos de fraude detectados con anterioridade..*



5.1.4. Os sistemas internos de control e a análise de datos.

Establecerase un sistema de control interno eficaz, adecuadamente deseñado e xestionado, con controis que se centren en paliar con eficacia os riscos que se identifiquen.

5.1.5. Cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados

Análise de datos. Dentro dos límites relativos á protección de datos e segundo as dispoñibilidades, realizarase un cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados que permitan detectar posibles situacións de alto risco, mesmo antes da concesión dos fondos. Uso de bases de datos de rexistros mercantís, da Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP), Base de Datos Nacional de Subvencións (BNS), bases de datos de puntuación de riscos (ARANHNE), Rexistros e Bases internas etc.

5.2.MEDIDAS DE DETECCIÓN

5.2.1. Uso de bases de datos

Toda a documentación (incluída a declaración de ausencia de conflito de intereses)

poderá ser verificada con:

- *Información externa (por exemplo, información proporcionada por persoas alleas á organización que non teñen relación coa situación que xerou o conflito de intereses ou coa actuación obxecto de verificación).*
- *Comprobacións realizadas sobre determinadas situacións cun alto risco de conflito de intereses, baseadas na análise de riscos internos ou bandeiras vermellas (véxase apartado seguinte).*
- *Controis aleatorios, a través das Bases de datos especificadas no punto 5.1.5.*

5.2.2. Definición de indicadores de fraude ou sinais de alerta

Faise necesario asegurar que os procedementos de control focalicen a atención sobre os puntos principais de risco de fraude e nos seus posibles fitos ou marcadores. A simple existencia deste control serve como elemento disuasorio á perpetración de fraudes.

Nesta liña de procura de indicios de fraude, a Comisión Europea ten elaborado un catálogo de signos ou marcadores de risco, denominados "bandeiras vermellas". Este catálogo será tido en conta polo Concello de Monforte de Lemos, recolléndose no Anexo III as máis utilizadas na UE. A súa concreción e a determinación do número de indicadores que deban ser tomados como indicios para determinar a existencia de fraude realizarase pola Comisión Antifraude tras a elaboración dunha completa autoevaluación do risco de



fraude.

5.2.3. O establecemento de mecanismos adecuados e claros para informar das posibles sospeitas de fraude por quen os detectaron.

En caso de detección dunha posible fraude, ou a súa sospeita fundada, o funcionariodeberá polo en coñecemento da Comisión antifraude que o estudará e, no seu caso, poderá:

- 1. Propor a suspensión inmediata do procedemento e a notificación de tal circunstancia no máis breve prazo posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións e revisar todos aqueles proxectos, subproxectos ou liñas de acción que poidan estar expostos ao mesmo.*
- 2. Propor a comunicación dos feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisora, ou á entidade executora que no seu caso lle encomendou a execución das actuacións, nese caso será esta a que llos comunicará á entidade decisora, quen comunicará o asunto á Autoridade Responsable, a cal poderá solicitar a información adicional que considere oportuna de cara ao seu seguimento e comunicación á Autoridade de Control.*
- 3. Propor a denuncia dos feitos, se fose o caso, ás autoridades públicas competentes, ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude —SNCA—, para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude.*
- 4. Iniciar unha información reservada para depurar responsabilidades ou propor a incoación de un expediente disciplinario, no seu caso.*
- 5. Propor a denuncia dos feitos, no seu caso, ante o Ministerio Fiscal cando fose procedente, a efectos da depuración das responsabilidades que, na orde penal, se puideran deducir.*

5.2.4. Buzón de denuncias.

Habilitarase un procedemento para a denuncia de irregularidades e posibles fraudes, casos de corrupción ou conflitos de intereses, que serán examinadas pola Comisión antifraude. A través desta canle de denuncia aberto, calquera persoa poderá notificar as sospeitas de fraude e as presuntas irregularidades que, a ese respecto, poida detectar, e informaráselle de que:

- I. A denuncia será tida en conta e seránlle comunicados os resultados das xestións realizadas.*
- II. Respetarase a confidencialidade e a protección de datos persoais.*
- III. Non sufrirán represalia algunha, nin serán sancionados no caso de que se trate de funcionarios públicos.*



O Concello de Monforte de Lemos, mediante resolución da Alcaldía, comprométese nun prazo de tres meses, contado a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia da aprobación do Plan de medidas antifraude, a regular o procedemento de denuncia e o protocolo de funcionamento e tramitación de denuncias.

5.3. MEDIDAS DE CORRECCIÓN

5.3.1. Corrección.

Ante calquera sospeita de fraude corresponderá actuar á Comisión Antifraude a fin de solicitar toda a información necesaria que permita determinar se, efectivamente, esta se tivera producido. A aparición de varios dos indicadores denominados “bandeiras vermellas” será un dos principais criterios para determinar a existencia de fraude.

A concreción de que tipo de bandeiras serán as utilizadas e a determinación do número de indicadores que deban ser tomados como indicios para determinar a existencia de fraude, realizarase pola Comisión Antifraude tras a elaboración dunha completa autoevaluación do risco de fraude.

A detección de posible fraude, ou a súa sospeita fundada, levará a inmediata suspensión do procedemento, a notificación de tal circunstancia no máis breve prazo posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións e a revisión de todos aqueles proxectos que poidan estar expostos ao mesmo.

No caso de que se detecten irregularidades sistémicas, adoptaranse as seguintes medidas:

- Revisar a totalidade dos expedientes incluídos nesa operación e/ou de natureza económica análoga.*
- Solicitar a retirada do financiamento comunitario de todos aqueles expedientes nos*

que se identifique a incidencia detectada.

- Comunicar ás unidades executoras as medidas necesarias a adoptar para emendar a debilidade detectada, de forma que as incidencias atopadas non volvan repetirse.*
- Revisar os sistemas de control interno para establecer os mecanismos oportunos que detecten as referidas incidencias nas fases iniciais de verificación.*

5.4. MEDIDAS DE PERSECUCIÓN

5.4.1. Procedemento para o seguimento dos casos sospeitosos e a correspondente recuperación dos Fondos UE gastados fraudulentamente

O máis axiña posible, a Comisión Antifraude procederá a:



- ☐ *Propor a comunicación dos feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisora (ou á entidade executora que lle encomendou a execución das actuacións, nese caso será esta a que llos comunicará á entidade decisora), quen comunicará o asunto á Autoridade Responsable, a cal poderá solicitar a información adicional que considere oportuna de car o seu seguimento e comunicación á Autoridade de Control.*
- ☐ *Propor a denuncia dos feitos punibles, se fose o caso, ás autoridades públicas competentes (Servizo Nacional de Coordinación Antifraude -SNCA-) e para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude.*
- ☐ *Iniciar unha información reservada para depurar responsabilidades ou propor a incoación dun expediente disciplinario.*
- ☐ *Propor a denuncia dos feitos ante a fiscalía e os tribunais competentes, nos casos oportunos.*

6. DEFINIÇÃO DE PROCEDIMENTOS DE SEGUIMENTO PARA REVISAR OS PROCESOS, PROCEDIMENTOS E CONTROIS RELACIONADOS COA FRAUDE EFECTIVA OU POTENCIAL

Será a Comisión Antifraude a encargada de verificar o correcto funcionamento dos procesos implementados de cara á detección, control e persecución das medidas antifraude, será tamén a encargada de avaliar os resultados e proceder á revisión anual dos mesmos, se o estimase necesario.

7. CONFLICTO DE INTERESES

7.1. DEFINIÇÃO E CARACTERÍSTICAS

7.1.1. Conflicto de intereses

Existirá conflicto de intereses, conforme á definición efectuada no apartado 2.4 do Plan, cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido porrazóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal.

7.1.2. Posibles actores implicados no conflicto de intereses

- ☐ *Os empregados públicos que realizan tarefas de xestión, control e pago e outros axentes nos que se delegaron algunha/s desta/s función/s.*
- ☐ *Aqueles beneficiarios privados, socios, contratistas e subcontratistas,*



cuxas

actuacións sexan financiadas con fondos do MRR, que poidan actuar en favor dos seus propios intereses, pero en contra dos intereses financeiros da UE, no marco dun conflito de intereses.

7.1.3. Tipos de conflito de intereses

Atendendo á situación que motivaría o conflito de intereses, pode distinguirse entre:

- a) **Conflito de intereses aparente:** *prodúcese cando os intereses privados dun empregado público ou beneficiario, son susceptibles de comprometer o exercicio obxectivo das súas funcións ou obriga, pero finalmente non se atopa un vínculo identificable e individual con aspectos concretos da conduta, o comportamento ou as relacións da persoa (ou unha repercusión en devanditos aspectos).*
- b) **Conflito de intereses potencial:** *xorde cando un empregado público ou beneficiario ten intereses privados de tal natureza, que poderían ser susceptibles de ocasionar un conflito de intereses no caso de que tivesen que asumir nun futuro determinadas responsabilidades oficiais.*
Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D^a Katherinie para que traía a moción para que podan expresarse. Este goberno puxo en marcha diferentes medidas Sociais, creouse unha medida de eficiencia enerxética, ampliouse a oferta tanto para maiores como para o público en xeral, aumentouse o importe de axuda no fogar, o presuposto é un presuposto Social. A Patronal non son eles, os presupostos destacan porque son Sociais, eles non teñen capacidade para a negociación do convenio colectivo, é algo que lle pertence a outros, os informes e estudos que fan con datos dos convenios que existen en cada momento. Non se esquezan que este servizo foi externalizado polo goberno anterior. Fala que é a empresa a que ten que cumprir coas obrigacións contractuais. Continúa falando do que se pagan noutros Concellos.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o pagan noutros Concellos non lle importa, di que é un defensor a ultranza do servizo de xestión directa, non se pode estar pensando en botar a culpa dos que estiveron anteriormente, con botarlle a culpa ao anterior goberno non se soluciona o problema, por cometer



algún erro o goberno anterior, por iso están vostedes no goberno, en definitiva non contestou porque había unha discriminación kilométrica. Fala vostede que terá que negociar o convenio coa empresa, como vai negociar un convenio onde xa pon no prego de cláusulas que é un 2,5% , xa ten unha follas de ruta, o que mal empeza mal pode rematar, despois dentro dun ano, que haxa unha folga, por non haber feito ese prego de cláusulas previsible para un futuro. Reitérase no voto en contra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que saben efectivamente que vostedes non son a Patronal, soamente queren que lles digan se lles parecen xustas ou inxustas as reivindicacións dos traballadores, cun IPC do 6% vostedes falan do 2,5%, isto leva á precariedade, a xente vai cobrar moito menos, estase facendo cada vez á xente máis pobre e despois digan que os servizos, e falan que é unha inversión, ao mellor unha das cousas en que se podería invertir sería en temas como estes, sería bo para todos. Xa que van subir soamente o 2% vostedes non o baixan, precarizan os soldos, o que non se pode derramar son os cartos, ao mellor deberían gastar niso.

Intervén D^aKatherinie Varela dicindo que eles xa na súa primeira intervención deixaron a súa idea entorno ao contrato, cando o señor Iban dixo que trouxera unha moción, é verdade que a xunta paga 11 euros e o resto o paga o Concello, deberían reclamarlle ao goberno de España que pagara o que ten que pagar, o contrato debería ter previsto toda a lista de espera que existe, facer un contrato en aras de que se solucionen eses problemas, cren que vaise seguir igual. Pero ademais se teñen ao outro lado do pleno unha garan cantidade de persoal que están descontentos, vostedes carecen de aptitude de escoitar, as maiorías absolutas danse un día, son catro anos estar ao lado do cidadán e escoitalo, quizáis houbese sido mellor falar cos sindicatos, e facer da maneira máis adecuada posible. Non van apoiar este punto.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que esperaba que lle deran outra alternativa. Aquí ninguén bota a culpa a ninguén di as cousas como son. A externalización do SAF se produxo no 2005, o SAF básico pasou a 18 euros, a Pobroa de Brollón paga 12,10 € Carballo 12, e en Pontevedra 14,92 euros, Sober 12 € Bóveda, 16,94 €, Incio 11, Quiroga 16,16 €, non sabe se con estes números, o convdnio colectivo o teñen que negociar que o ten que negociar. Dille a D^a Katherinie Varela di que el aquí non ve chorar a ninguén o que non están aquí para realizar o seu traballo, o que non vai facer é levarlle os papeis a súa casa.

Intevén D^a Gloria Prada dicindo que eles están acostumbrados ao eu invito e ti pagas pero esta non é a tónica deste equipo de goberno.

Sometida a votación á proposta da Alcaldía apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.



6º.- MOCIÓN DO PP PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TERRAZAS PARA AMPLIAR O USO DE ESPAZO PÚBLICO.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que se regule o espazo público a usar polas terrazas dos hostaleiros a través da ordenanza que existe de terrazas, de modo que non se poña o mesmo límite a todos os locais e se establezca que para a tempada estival o Concello buscará que cada local poida desfrutar do máximo espazo posible sen alterar o paso peonil e o tránsito de tráfico necesario, sen máis límites que eses; acordando en todo caso como límite, o que estipula a propia ordenanza de poder usar o espazo das fachadas adxacentes, e que de compartir dous locais, se repartirían o espazo”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dado lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que vai servbreve porque tampouco da para moito o debate. Non sabe ata que punto se pode modificar unha ordenanza sen pasar polo pleno. Di que el ten falado varias veces nesta cámara, as terrazas habería que regulalas, tamén é certo que o tema de cada establecemento é un mundo ou ten unha particularidade, de certo durante o COVID deuse a exención das terrazas para os establecementos que as tiñan, el defendeu que habería que buscar unha liña para os establecementos que non as tiñan. Cre que o que se debe facer é modificar a ordenanza cos informes pertinentes, en definitiva, o que se pide aquí é modificar a ordenanza.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que en primeiro lugar sinte ben que non estea o señor Alcalde, di que fala de cacicada, propia dun cacique, que o gaña nos xulgados ou lles restrega a sentenza a quen sexa, ou que provoca tensións, dende o Concello tiñan que ter menos presa e máis sentidiño. Di que non se poden equiparar todas as zonas de Monforte do mesmo xeito. Poden gobernar por decreto, pero tendo ordenanzas en vigor, modifíqueas.

Pero esas non son as formas, porque neste caso é algo que vostedes fan sempre, non falan con ninguén, a ordenanza actual fala das fachadas, tería que dar unha volta por Monforte é ver que algunhas terrazas non cumpren o das fachadas, por qué nunhas se actúa cunha celeridade e noutras non. Vostedes levan sete anos e non o trouxeron, é facilísimo, vostedes a modificar e a aproban, non será o mesmo a terraza do Manhattan que a terraza da Polar, entenden que o tránsito de xente non é o mesmo.



Intervén D. Ibán Torres dicindo que as licenzas se autorizan nos baixos onde se exercen a actividade. Fala de trato igualitario nas terrazas. En Monforte ocorre o mesmo que en calquera lugar de España. O Concello de Monforte foi un dos que máis axudou á hostelería. O Concello de Monforte é moi permisivo na instalacións de terrazas, polo que respecta ao criterio de autorización de terrazas, seguese o establecido na ordenanza. Fala de que están traballando nunha nova.

Manifesta que o equipo de goberno ben permitindo que sexa máis amplo. Para tratar de modo obxectivo a todos se as terrazas da compañía estableceuse unha superficie de 50 m², deixando o resto de espazo para o uso dos monfortinos e monfortinas, as zonas do casco histórico creou un espazo público, o que non vai permitir son feitos consumados de ocupación de espazo público sen a correspondente ocupación. Fala da circulación de servizos de emerxencia, o que non van permitir é que non se cumpran as obrigacións. Fala da sentenza que vostede menciona na súa moción, a persoa que a presenta non gañou un litixio, a oficina de rehabilitación cometeu un erro froito dunha confusión facilitando un plano. O artigo 27 recolle claramente que rematado o período de ocupación deberá deixar o terreo de ocupación, a sentenza non vai por aí. Entende que este Concello cumpre coa ordenanza e a normativa dando un trato similar a todos.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que despois de escoitar ao voceiro do PSOE de que se estea traballando nunha ordenanza e non se estipule unha ordenanza provoca unha inseguridade xurídica aos hosteleros, aínda que non estean de acordo en que haxa un límite de 50 m² por igual a todos os hostaleiros. Unha cousa é dar igualdade de oportunidade, e ótro cousa é limitar as ganancias económicas dos empresarios en aras de que todos gañen o mesmo. Vostede pretende dar un trato igualitario a todas as cafeterías, bares e restaurantes, parece que uns negocios poidan xerar máis riqueza que outros, para ela ten unha palabra moi clara que é “comunismo”, é querer que todos gañen o mesmo, pretende vostede que gañen o mesmo, dende logo teñen unha visión moi distinta á hora de tratar o negocio o emprendemento desta cidade. Debe favorecer os intereses dos cidadáns que necesitan o seu espazo para transitar pero tamén o espazo que teñen, fala dun negocio que non se perxudicaba nin ningún transito peonil, e se instalaron uns bancos, dando lugar a un feísmo absurdo nesa zona da cidade, o que se quere e limitar a un empresario de xerar emprego.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que entende que unha ordenanza débese facer para todos máis ou menos iguais, e no tema das terrazas é complexo pero cada establecemento está situado nun lugar concreto, el non pode concebir na zona da compañía que se regula a 50 m² e ao lado haxa outro que non distingue dos metros, atendendo en cada volume en cada zona, despois se sabe que cando chegan as festas se da manga ancha, se se fai unha ordenanza, haberá un informe técnico para todos. Facer unha ordenanza á carta para cada establecemento, é complexo, difícil e discriminatorio.



Intervén D. Jaime Germán Vázquez referíndose á liña de fachada, calquera que dea un paseo por Monforte , non todas gardan a liña de fachada. Despois referente do moito que axudan, todo saben o tema de hostelería, vostedes ademáis foron facendo de seis en seis meses. Pero se xa o din que están traballando nunha ordenanza, pero claro intentar mezclar todo en que axudan moito. Este tema é única e exclusivamente do que viña a falar das terrazas.

Intervén D. Ibán torres dicindo que el non quere que todo o mundo gañe o mesmo, cada un gaña o que mereza e lle corresponda, o privilexio e excepción chámase desigualdade é xermen do “fascismo”. Non atopa vostede outro modelo de calcar, que os de enfronte sexa uns comunistas, non insulte a intelixencia das persoas que están aquí, aquí o que se busca é un trato igualitario para que todo o mundo teña as mesmas oportunidades.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que obviamente o que se pretende é afondar na ordenanza do 2010, pero o que queren deixar claro que non se pode pretender regular local por local, o que debería regularse ao mellor sería por tipo, lugares públicos, se son beirarrúas, prazas, casco histórico, o que non lle parece xusto e que se unha persoa teña unha limitación cando é zona peonil ou non, fala dunha cortina moi fina que está separando a uns e outros, intentar que o poda xenerar máis o xenere, sempre e cando non se vulneren as normas, o que van apoiar sempre é que se lle permita aos hostaleiros na época estival que usen a maior parte posible. O que se trae aquí é que nesta ordenanza quede ven reflectido, se modifique en aras de que se permita ese espazo de uso público e non se limite por decretos da alcaldía de 50 m².

Sometida a votación á proposta da Alcaldía rexeítase por maioría con dez votos en contra favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

7º.- MOCIÓN DO PP PARA QUE SE AMPLIEN AS PLAZAS PARA NENOS CON NECESIDADES ESPECIAIS NO CAMPAMENTO DE VERÁN.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que se amplíen o número de prazas correspondentes ós nenos con necesidades especiais para o campamento de verán de este ano 2022”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada. Fala dun incremento de nenos con necesidades especiais, estase vendo nos diferentes



colexios, dotando con máis profesionais para atender con nenos/as con necesidades especiais. Estase nun momento de apogeo económico, sobre todo as administracións públicas, as locais, por iso cren que se pode revertir este diñeiro en poder ampliar ese número de prazas para nenos con necesidades especiais.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que nestas datas no pasado ano viñase a debater o mesmo. Evidentemente están a favor. Di que onte participou na carreira no Concello de Sober que organizou Special Olympics e ben claro e certo, na locución do sr. alcalde falou do compromiso que teñen os Concellos con este tipo de discapacidades, acolléndose a esa locución hai que deixarse de dobre vara de medir se se está de acordo, todos cren, e se queren traballar para este colectivo que cada vez hai máis, é o momento de facelo, é certo se para o ano que ben as duplican, parecerán poucas, pero hai que comenzar por algo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez aplaudindo o incremento de prazas para nenos con diversidade funcional, fan cousas ben e eles son os primeiros en felicitalos. Queren lembrar a necesidade de incorporar monitores/as para acompañar a eses nenos e nenas.

Manifesta que no ano 2015 a súa resposta foi que isto xa lle viña herdado do anterior alcalde, e vostedes dixeron que non podían facer nada, que os orzamentos non o contemplaban, no 2022 seguen igual a longa sombra non lles permita facer unha dotación presupostaria para incrementar o número de monitores que cubran as necesidades deses cativos. Vostedes trouxeron unha moción para apoiar a unha profesora da Gándara, para apoiar a nenos con necesidades especiais. Sinala que eles van apoiar esta moción. Non é o mesmo predicar que dar trigo, vostedes actúan dunha maneira ou outra.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a moción que se presentou no 2021 a dependencia é competencia da Xunta que ela é a que conta cos cartos e co persoal cualificado. A Xunta de Galicia fala de que se ofertan dez mil e pico prazas. O Concello de Monforte de Lemos pon a disposición das familias monfortinas o número de prazas máis alto da historia que é de 814, un incremento do 32% respecto ao 2021. O obxectivo é facilitar a conciliación das familias, e sobre todo que os nenos podan practicar as actividades que máis lles gustan. Este alcalde é o equipo de goberno son mois conscientes da problemática. Di que esta afirmación que di que o alcalde non está pendente da cidade, vostede está máis pendente do que sucede noutros sitios que neste Concello. Para polemizar é non resolver nada, a única que pode solucionar estes problemas que non é comunismo que é democracia é a Xunta de Galicia que é a que ten as competencias.

Intervén D^a Katherinie Varela dicíndolle a D. Ibán que xa sabe o que vai dicir, e vostede cos seus argumentos, que non é competencia nunca súa, parece que choran, parece que lles doe gastar o diñeiro senón son obras, parece que lle molesta facer as cousas, parece que o único que teñen que facer é poñer luces e



asfaltar, e traer catro orquestras nas festas, cando cre que un Concello debe aspirar a moito máis e non se debe de quedar nun debate esteril de competencias. Dende logo vostedes dentro dos seus medios deberían de preocuparse de que haxa máis prazas para nenos con necesidades especiais, ninguén pon en dúbida, que fan estas actividades, a Xunta xa ten os seus propios campamentos, ninguén lles está dicindo que fagan un campamento a parte, aumenten o número de prazas, e non fagan como nas derradeiras bases que fixeron que non podían ter uso de terceiras persoas. Parece que lles molesta por iso votan en contra deste tipo de mocións.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que o bo de traer escritos a contestación, aplauden o número de incremento de prazas, pero a moción é referente a que se amplía o número de prazas das que xa existen, vostedes pasaron de 4 a 6 para o resto dos nenos incrementaron un 25% non lle pode parecer mal, se queren poden vir aquí e traer eses datos, se se pide ampliar ese tema porque a maiores o tema do 33% vai deixar a moitos nenos fóra, é o único que se fai. Cando pidan o voto recórdenlle á xente cales son as súas competencias. Pidan vostedes os cartos á Xunta de Galicia.

Intervén D. Ibán Torres dille que para entrar a D^a Katherinie di que dixo unha grosería moral, o que é competencia municipal, o que non é competencia dunha administración non se pode vir a pedir aquí. Vostede o que está facendo é que diga que non lles interesan os problemas da xente. Vostedes piden aquí para tapar as súas vergoñas, o que lles toca facer a vostedes que son os que están gobernando na Xunta. Para vostede e a súa compañeira de paseo vir a reprochar a outro o que vostedes non fan chámase “geta de cemento”. Non veña enganar á xente e confundir á xente. Vostede fixo unha oda á desigualdade, da igualdade de oportunidades.

Intervén D^a Katherinie Varela dicíndolel a D. Ibán que lle ve moi nervioso, di que ela non insultou a ninguén, vostede si, descalificativos personais, que o soen facer moi a menudo. Vostede intenta facer ver que as competencias do campamento de verán do Concello de Monforte, e que deciden que haxa as mesmas prazas que marca a lei, pero vostedes deciden facer un campamento de verán, o único que se lles pide é que aumenten esas prazas para nenos con necesidades especiais, xa que teñen fondos, e máis que nunca, pensen neses nenos. Parece que lle molesta ter que traballar un pouco máis, hai que pensar en monitores, en contratar a máis persoal, no fondo moléstalle gastar o diñeiro nos cidadáns de Monforte. Non lle parece excusa non asistir ao pleno municipal.

Intervén D^a Gloria Prada Rodríguez dicíndolle a D^a Katherinie Varela que llo recorde no seguinte pleno ao alcalde o que acaba de dicir, que vostede ten valentía na radio e fora deste pleno. Di que ela é representante da FEGAMP no Consello de Educación en Lugo, e ela foi capaz de insistir á xefa territorial de que puxera máis persoal especializado noes colexios p'úblicos, porque están os profesores de



educación infantil e non teñen ni idea, é sabe cal foi a contestación dela foi que estaba o Infanta Elena.

Sometida a votación á proposta da Alcaldía rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos en a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

8ª.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE SOLICITANDO AUMENTO DE PRAZAS DA GARDERIA MUNICIPAL.

Non se dictamina ao non estar presente o concelleiro presentante da moción, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Aumentar a oferta de prazas de guardería municipal abrindo unha nova ou ampliando a existente para cubrir esta demanda de prazas”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que comparte a iniciativa presentada, dicindo que xa trouxo iniciativas deste sentido. Sinala que se debería ter un referente cando se servizos públicos. Realmente Monforte é o segundo concello por poboación da provincia de Lugo, pero a realidade é que carece dunha escola de infantil pública, aquí si que se fala de competencias, non se pode pechar os ollos, se se pode ampliar terá que ampliála, pero realmente hai que saber que quén ten de dotar andar unha escola infantil pública é a Xunta de Galicia. Deixéñese de competencias e demáis, dende o Concello haberá que facer o traballo para reclamar esa escola infantil pública, de quén depende á formación educativa é da consellería de Educación. Cren que dende a Xunta de Galicia teñense que debe facer esa escola infantil pública no Concello de Monforte de Lemos, outra cousa é que se fagan as xestións dende o Concello, esta iniciativa debe ir dirixida á Consellería de Educación.

Intervén D^a Katherinie Varela di que en relación a este asunto é importante dicir que a educación infantil dos 0 aos 6 anos, non é obrigatoria, si que é verdade coa incorporación da muller ao mercado laboral, que é necesario ese tipo de servizos para a conciliación. Non se pode esquencer que haxa unha modificación legal que a educación de 0 a 6 anos sexa obrigatoria. Deberá ser a través de Política Social calquera solicitude que se faga, os Concellos do arredor que consiguen este servizo, conseguen empadroar cando saben que fan a súa vida aquí, o ampliar o número de prazas da gardería pode servir para ampliar o número de habitantes. Di que eles van apoiar esta moción, si deciden presentar unha moción o PSOE a creación dunha escola infantil no Concello de Monforte de Lemos, o que si quere deixar claro que Monforte está no rural, este tipo de axudas dase a Concellos de menos de



5.000 habitantes, Monforte non pode acceder a determinadas axudas do rural porque hai 18.000,00 habitantes.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que se solicita á Xunta de Galicia, xa se fixo en varias ocasións. Na etapa deste goberno se fixeron varias inversións, está prevista en breve unha mellora no material, se fixo un esforzo moi grande, aínda que debería facelo a Xunta de Galicia. Di que non sabe como explicar isto para que se lle entenda, é unha competencia impropia, non é competencia municipal. Este alcalde o fai para dar un servizo aos monfortinos e así facilitar a conciliación. Cando fala da Xunta, vostede D. Germán ter unha gardería propia, porque outros Concellos teñen unha gardería da galiña azul cunha poboación inferior a este Concello. Esta alcaldía non pode facer máis esforzos para a gardería. Fala da discriminación á que somete a este Concello a Xunta de Galicia.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que aumentar o número de prazas da gardería infantil, ou ben facer outra gardería municipal que costa aproximadamente 100.000, 00 euros, de feito vanse poñer uns marcadores que costan esa cantidade. Si é certo que si vostedes traen unha moción instando aos concelleiros para pedir unha galescola, galiña azul, saben que contan co seu respaldo, iso quere dicir que non teñen pensado ampliar as prazas. Non lle digan que isto non é ceñirse ao que se pide. Dicirlles se a vostedes lles parece que temos un problema de prazas de gardería, pois traían unha proposta para que se vote neste pleno.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que cando se fala que a escolarización de 0 a 6 anos non é obrigatoria, cando somos Europa, somos para todo, cando falaba do rural, non falaba das cuestións técnicas, fala en xeral. Cando se fala de fixar poboación, fala da escolarización temperá e gratuita que axude a conciliación a vida familiar e laboral. Realmente hai que ser serios neste aspecto, di que se perdeu unha ocasión preciosa, cando a xunta agasallou coa Fundación da Caixa de Aforros e ben se puido quedar a Xunta con ese edificio e ben se podía crear aí unha gardería, iso hai que lembralo, a Xunta non está facendo o que debería de facer nun Concello como Monforte.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que non poden estar en contra dun discurso que é necesario á axuda á conciliación. Sinala que o neno debe socializar o antes posible, hai un problema de prazas que é obvio. Fala da gratuidade das escolas infantís. Di que o PSOE presente unha moción onde se solicite a gardería onde se pode falar ata que punto a Xunta podería crear unha gardería nova. Esta moción fala da gardería municipal. Aмосa o seu voto a favor.

Intervén D. Ibán Torres di que se vostede presenta unha moción para instar á Xunta de Galicia para que paren coa discriminación con Monforte di que a van apoiar. Aмосa o seu voto en contra.



Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que o mesmo que lle está dicindo o Sr. Torres, se vostedes queren máis prazas, hai que pedilas á Xunta de Galicia, pois traiano.

Sometida a votación á proposta da Alcaldía rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

9º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e oito abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e, que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

- 1. Que o goberno municipal elabore un informe de intervencións prioritarias a desenvolver na rede municipal de subministro de auga.*
- 2. Que se esixa a Aqualia o a renovación dos puntos da rede de abastecemento de auga municipal, considerados prioritarios”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. O acordo é que se faga un estudo en funcións destas roturas e que na medida se lle esixa á empresa concesionaria da parte que lle corresponda. Porque nas últimas datas estase rachando a tubaxe, cada vez que se mete presión, racha a tubaxe. Fala de que non ten culpa o Concello, na zona da Chacinera teñen pouca presión. Fala de tubaxes de moitos anos, nas pasadas datas rachou no entorno da estrada de Ourense, fala dese informe desas renovacións prioritarias e na medida do posible reclamarllo á empresa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o seu apoio a esta moción. Di que sería prioritario que se cambiase a tubaxe. Fala doutras cousas, que as rúas se limpen con auga clorada, andase na presión enchendo os camiós, o que si querían dicir é que hai un problema coa auga. Si que é certo que cada dous por tres hai en sitios que teñen problemas, si é certo que se pode arranxar e se é elaborar un informe das reparacións prioritarias.

Intervén D^a Katherinie Varela da lectura ao artigo 94 do ROF, cando sexa aludida ao ataque personal. Sinala que fará uso dese artigo.

Manifesta que o Sr. Ibán Torres ten a manía de sacar a relucir o seu traballo na Xunta de Galicia, di que ela non ten ningún cargo, así que non é o mesmo que o pida ela que o pida o Alcalde do Concello, dille a D. Ibán que as súas frustracións políticas as proxecte con quen as teña que proxectar. En canto a este punto



parécelle un punto moi importante, que non é a primeira vez que se debate, é unha mágoa que non estea o alcalde, é unha competencia municipal, di que ela focalizaría en soportar o problema de auga en Monforte, o estado do río é lamentable. Fala das sancións que teñen vostedes de Medio Ambiente, que as pediu e non se lle facilitaron. É unha mágoa que non estea o alcalde, o problema segue sen resolverse, non vales os parches, non valen eses convenios, o problema estase multiplicando, tiveron a oportunidade de asinar un convenio co ministerio de transacción ecolóxica. Un alcalde ten que estar nos seus plenos, é que o debería ser o máis fundamental para el. Aмосa o apoio a esta moción, fala de que se necesita unha inversión millonaria.

Intervén D. Ibán Torres di que falou medio minuto do punto que nos ocupa. Di que se dirixe a vostede como voceira. Outra cousa que fala vostede que o alcalde está de festa por aí. Dille a D. Emilio que xa saben que o problema da auga é un problema grave e moi antigo. En canto ás esixencias á Aqualia, estase facendo fala da sentenza 269/2021 que recoñece que Aqualia ten que abonar unha cantidade de 1.671.671,22 euros, miren quenes fan cousas e quenes non as fan. Fala do requerimento do ano 2018 que se fixo a Aqualia, feito que o fixo este goberno. Este Concello non ten dereito aos intereses de demora, porque os anteriores gobernos non reclamaron nada á empresa concesionaria. O único que lle esixiu a Aqualia foi o equipo de goberno que preside esta alcaldía. O Partido Popular nin o BNG non fixeron cumprir o contrato. Non necesitan realizar ningún informe. Di que se fixeron moitas reformas, sinala que están nelas, e o van abordar ata o final.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que son tan previsibles que se permitiu o luxo de traer escrito a contestación. Esta iniciativa non fala de que lle reclame a Aqualia nin que este goberno non lle reclamaou a Aqualia nunca nada, dende que esta nesta cámara sempre defendeu o servizo público co de xestión directa. A primeira reclamaación que se gañou a aqualia foi feita polo BNG, sabe queén era o tenente alcalde no 2005, o alcalde actual, era o tenente alcalde e tería algunha responsabilidade el e os seus socios. Esta iniciativa trata única e exclusivamente de facer un informe, aínda que din que xa teñen un estudio elaborado, hai unha necesidade.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que están máis tranquilos sabendo que o van arranxar, o que se pedía era falar de prioridades. Se vostedes xa din que se vai arranxar absolutamente todo, é votar en contra pero que van facer máis do que se lles pide. Os felicita.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van apoiar a moción polo espírito. Non saomente pedirían a Aqualia, saben que non se lle pode esixir soamente ao Concello. Con que teñen un ano para realizalo.



Intervén D. Ibán Torres manifestando que as respostas é mellor tráelas por escrito. Dille a D. Germán vostede trae o que quere e eles diciden cales son as prioridades.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradecendo o apoio e lamentando que o grupo de goberno non a comparta. Di que non fai moito dixo que o goberno municipal non ía facer certa cousa, e que agora ao parecer o vai facer. A saber quén está aquí en 2025 e a saber que contrato se fai. .

Intervén D. ^a Gloria María Prada dicíndolle a D^a Katherinie Varela que debería pedirlle disculpas ao sr. Alcalde por dicir que o alcalde está de festa, sendo unha falta de respecto ao alcalde e á institución e debería pedir que se retirara da acta.

Sometida a votación á proposta da Alcaldía apróbbase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

10º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 03.05.22 (2), 05.05.22 e 11.05.22).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

11º.- DACIÓN DE CONTA DE EXECUCIÓN ORZAMENTO DO 1º TRIMESTRE 2022.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2022, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

12º.- DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2022.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2022, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 6,01 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2022:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

13º.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DE ACCIÓN 2022.



Dáse conta do decreto 2022/702 de aprobación do plan de acción da alcaldía para o ano 2022 para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector Público Local.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE RE 7817

Tendo clara a inminente posta en funcionamento das cámaras instaladas nun montón de rúas da nosa cidade, gustaríanos saber canto ten pensado recadar cas mesmas o noso Concello.

Resposta a Alcaldesa en funcións manifestando que o seu desexo é non recaudar nada se todos cumpren a normativa.

PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE RE 7818

Visto o convenio entre o Concello de Monforte, o colexio PP Escolapios de Monforte de Lemos e o Club polideportivo Calasancio para a cesión de horas de campo de fútbol, gustaríanos saber o coste total das obras que se farán no campo de fútbol do colexio.

Resposta a alcaldesa en funcións dicindo que non teñen previsto ningún inversión.

ROGO DO BNG RELATIVO AO CRUCE DA ROTONDA DO HÓRREO

Que se reorganice o tráfico nesta zona, dun xeito máis eficiente, de cara a evitar os frecuentes atascos.

ROGO DO BNG RELATIVO Á AREA DE DESCANSO DE AUTOCARAVANAS.

Que ante o notábel aumento das persoas que nos visitan en autocaravana, se amplíe, ou no seu defecto, se busque unha superficie máis ampla para seguir dando servizo de calidade a estes turistas.

Remata a sesión sendo ás vinte e dúas horas e vinte e dous minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA